CPI Aurelio Marcelino Rey García

# PLAN DE CONVIVENCIA

## INDICE

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN........................................................................3

a) Características do centro e da contorna...........................................................3

b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia........3

c) Estado das relacións e da participación na vida do centro.................................4

d) Conflitividade detectada no centro....................................................................6

e) Accións desenvolvidas no ámbito da convivencia...............................................7

2. OBXECTIVOS, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.......7

f) Fins e principios informadores da convivencia no centro...................................7

g) Obxectivos xerais...............................................................................................8

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO..........................................9

4. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO....................11

h) Normas de convivencia do centro.....................................................................11

i) Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección........................................15

j) Aula de convivencia Inclusiva...........................................................................19

k) Protocolos e programas específicos..................................................................21

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER..........................................................................21

6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA..............................................................32

7. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN...........................................................................................32

8. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA................33

9. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA................................................34

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN.

### a) Características do centro e da contorna.

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. O centro está situado na rúa José Mª Lastra no centro do Concello de Cuntis.

Neste curso 2015-2016 o centro conta con 6 aulas de Educación Infantil, 11 de Educación

Primaria e 5 de Educación Secundaria Obrigatoria que conforman un total de 373 alumnos e alumnas.

O noso centro conta con 43 profesores e profesoras, a maior parte con destino definitivo no centro. Así mesmo, hai un administrativo, un conserxe (que depende administrativamente do Concello de Cuntis), catro persoas encargadas da limpeza (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría), catro persoas encargas de servir no comedor (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría) e unha persoa encargada da cafetaría (en calidade de autónoma, despois do concurso público para a xestión da mesma realizado pola dirección do centro en xullo de 2015).

O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño. Así mesmo, o centro tamén acolle alumnado procedente da Escola Unitaria de Arcos de Furcos.

A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de Educación Infantil.

### b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

Durante anos o centro ven sufrindo unha redución significativa no número de alumnos/as, debida a diferentes causas, que ten como consecuencia a eliminación de prazas do

profesado, a diminución do número de aulas e o aumento da ratio nas mesmas. Esta situación afecta de xeito particular á Educación Secundaria Obrigatoria, na que se pasou de dúas liñas a unha no presente curso académico, con aulas de 28 alumnos. Isto reduce a atención individualizada que o profesorado pode prestar na aula, repercute de xeito negativo na aplicación de medidas de atención á diversidade e contribúe ao empeoramento da convivencia no centro.

Unha consecuencia directa desta situación foi a perda da Aula de Traballo, medida recollida no anterior Plan de Convivencia encamiñada a reducir as condutas disruptivas dentro da aula.

En canto á organización dos espazos, na planta baixa atópanse as aulas de Educación Infantil, os espazos de uso común: biblioteca, salón de usos múltiples, cafetería, sala de profesores,os espazos administrativos (secretaría, xefaturas e dirección) a aula de Tecnoloxía e as salas de atención ás familias. Entre a primeira e a segunda planta repártense as aulas de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria. No exterior están os patios de recreo e os edificios do ximnasio e o pavillón deportivo.

O feito de que as diferentes etapas educativas estean situadas no mesmo edificio propicia a comunicación e a relación interetapas, tanto entre o profesorado como entre o alumnado, promove unha continuidade entre as mesmas no aspecto organizativo e favorece o desenvolvemento e a participación en actividades a nivel de centro.

**c) Estado das relacións e da participación na vida do centro.**

Segundo os datos extraídos da enquisa realizada recentemente sobre convivencia a percepción que ten o alumnado das relacións entre iguais é positiva, unha porcentaxe elevada afirma ter afirma ter 7 ou máis bos amigos/as no centro, fóra e dentro do grupo-clase, sen embargo, tamén hai unha porcentaxe, aínda que pequena, que di non ter ningunha boa amizade no centro. A realidade é que tódolos anos prodúcense conflitos nas relacións persoais do alumnado, nos que se evidencia unha falta de habilidades sociais e emocionais para afrontalos. É significativo que na enquisa apareza "evitar que traten mal as demais" como a conduta positiva que se da con menor frecuencia, segundo o alumnado.

En moitos destes conflitos foi precisa a intervención do profesorado titor e da orientación do centro e nalgunhas ocasións a xefatura de estudos viuse obrigada a tomar medidas disciplinarias.

Ante esta situación, dende hai catro anos aproximadamente, dende a Dinamización de

Convivencia e o departamento de Orientación véñense organizando campañas anuais de prevención do acoso escolar, co obxectivo de sensibilizar ao alumnado e ao profesorado ante esta problemática e mellorar as canles de comunicación e petición de axuda. Pero precisamos ir un paso máis aló, faise evidente a necesidade da posta e marcha do plan de mediación, o que axudaría que estes conflitos se resolvesen pola vía do diálogo, coa participación directa do alumnado en todo o proceso, e non pola vía das sancións disciplinarias.

En canto á participación nas decisións que se toman na clase ou no centro, a principal canle de comunicación e a través do profesorado titor do grupo, unha porcentaxe moi baixa sinala ao delegado/a de clase. Destacar que, aínda que pequena, unha parte do alumnado considera que a súa opinión non interesa o non vai ter consideración. Unha das medidas que se puxo en marcha hai varios anos para recoller as opinións do alumnado foi a Caixa de Suxestións do Alumnado, a realidade é, que, co paso dos anos, apenas se fixo uso dela caendo no esquecemento. Dende a Dinamización de Convivencia vemos necesario impulsar á Xunta de Delegados, como verdadeiro órgano de representación do alumnado e canle efectiva de comunicación e de participación en cuestións de organización do centro tales como as actividades extraescolares, as campañas pola mellora da convivencia, o coidado dos espazos e instalacións do centro, etc.

En canto a percepción que ten o profesorado sobre a convivencia no centro nos últimos tres anos, as opinións están moi divididas. É levemente maior o sector do profesorado que considera que a convivencia mellorou, pero o que realmente chama a atención é a elevada porcentaxe, en torno ao 43%, que non tivo resposta a esta cuestión. A hora de valorar a situación actual máis da metade considera que os problemas de convivencia no centro son puntuais.

Sobre o coñecemento dos documentos ou actuacións, referidos á convivencia, no centro, a maioría do profesorado ten un coñecemento amplo deles (NOF, PEC, Plan de Convivencia, Comisión de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial). O único apartado do que se recoñece ter un baixo coñecemento é o referido á mediación de conflitos.

Na valoración da influencia de diversos aspectos no clima escolar, o profesorado destaca a importancia de abordar a convivencia dende a prevención, e traballar as normas de convivencia e os dereitos e os deberes na acción titorial. Os seguintes aspectos valorados están relacionados coa participación do alumnado na resolución de conflitos, a difusión entre a comunidade educativa das actuacións que en materia de convivencia que se

desenvolven no centro e a aplicación das normas de convivencia. Máis da metade dos docentes sinala tamén a importancia da formación do profesorado en xestión da convivencia e o desenvolvemento de programas para a adquisición de habilidades e competencias sociais para todos os membros da comunidade educativa, non só para o alumnado. E un sector amplo cree importante a participación en plans e programas que traballen a convivencia e a posta en marcha de grupos de mediación, conciliadores etc. Un dos aspectos que o profesorado considera que inflúe menos no clima escolar, con respecto aos mencionados anteriormente, é a aplicación de sancións estritas.

Sobre a relación coas familias, a comunicación co profesorado é boa e fluída. Os aspectos que máis preocupan aos pais e nais son, en primeiro lugar, os referidos ao rendemento académico e aos resultados finais que reflicten as notas e, en segundo lugar, o comportamento. Só se pon de manifesto a preocupación polo clima de convivencia escolar cando o seu fillo/a é vítima ou está involucrado en algún conflito. Sobre a comunicación dende o centro, a percepción xeral é de que funciona, valórase o feito de que se faga por diferentes vías.

En relación a participación das familias na vida do centro, o principal medio é a través da ANPA, coa que se mantén un bo nivel de comunicación e colaboración. Ao igual que para o alumnado tamén se colocou no centro unha Caixa de Suxestións para as familias. Unha das cuestións, referida a este apartado, e que as familias que participaron na enquisa demandan é a organización dos tempos e o establecemento de espazos, por parte do centro, para favorecer a súa participación. Tamén se recoñece a baixa participación das familias na busca de solucións para mellorar a convivencia escolar. En canto a intervención na toma de decisións no centro, esta faise a través dos representantes dos pais e nais e representantes da ANPA no Consello Escolar.

**d) Conflitividade detectada no centro.**

Segundo os datos extraídos dos informes da Xefatura de Estudos e da enquisa sobre a convivencia no centro, os conflitos que tiveron lugar no centro nos últimos tres anos, ordenados de maior a menor frecuencia, foron os seguintes:

- Condutas disruptivas dentro da aula.
- Agresións verbais entre o alumnado: incitar ao insulto, insultos e humillacións aos compañeiros/as.
- Desfeitas de material e danos nas instalacións do centro: pintadas nas mesas, nas paredes, roturas e roubos de materiais. Danos a vehículos privados.

- Agresións físicas, pelexas entre o alumnado.
- Desobediencia e falta de respecto ao profesorado.

Os espazos onde teñen lugar en maior número estas condutas son principalmente o recreo, seguido dos corredores, a aula e os aseos. Tamén se producen, aínda que nun número relativamente menor, no transporte escolar.

Os tempos nos que ocorren a maioría destes conflitos son: nas entradas e saídas do recinto escolar e das clases e nos intercambios de clase.

Destacar que analizando os datos obsérvase unha progresiva redución do número de fatas de orde, relacionadas co material e o respecto ao profesorado. No presente curso a conflitividade está máis relacionada cos problemas nas relacións interpersoais e a maneira de afrontar e resolver eses problemas.

### e) Accións desenvolvidas no ámbito da convivencia.

- Campañas anuais de sensibilización fronte ao acoso escolar.
- Caixa Stop Acoso.
- Decálogo de condutas para combater acoso escolar.
- Desenvolvemento no centro dun plan de formación do profesorado na metodoloxía de Aprendizaxe cooperativa.
- Tratamento de eixos temáticos transversais, relacionados coa convivencia, nas actividades do centro (magosto, festivais, entroido, etc.)
- Participación en plans proxecta relacionados coa cooperación e a igualdade de xénero.
- Campañas de coidado e limpeza do centro: ”Aulas Limpas”, “Vixiantes de Limpeza”, “Separemos ben”.

## 2. OBXECTIVOS, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

### a) Fins e principios informadores da convivencia no centro.

**(Artigo 3 da Lei 4/2011)**

- A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber

de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- O recoñecemento  o profesorado en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia dos centros docentes como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

**b) Obxectivos xerais.**

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a  mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

- Fomentar nos centros educativos os valores , as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia a adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Revisar ao inicio do curso as actuacións recollidas non Plan de Acollida, e desenvolvelas establecendo as modificacións oportunas de ser preciso.
- Para mellorar a convivencia diaria no grupo-aula, organizar os grupos de maneira heteroxénea e equilibrada en canto a xénero, rendemento e condutas. Aplicar os mesmos criterios para os desdobramentos.
- Lograr que se incorporen nas programacións didácticas actividades e metodoloxías como a Aprendizaxe Cooperativa e o traballo por Proxectos que contribúan a mellorar a convivencia.
- Consolidar o tema transversal anual como eixo vertebrador dos proxectos e actividades extraescolares e complementarias que se desenvolvan ao longo do curso.

- Revisar e mellorar a difusión das Normas de Organización e Funcionamento dentro da comunidade educativa.
- Programar actividades a nivel de centro para desenvolver os temas transversais de "igualdade entre homes e mulleres" e "non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social".
- Programar e fomentar o intercambio de actividades entre o alumnado dos distintos niveis e etapas educativas do centro, buscando o establecemento de relacións positivas entre todos/as e transmitir a idea de axudar aos demais e compartir o que sabemos.
- Consolidar o servizo de mediación escolar realizando actividades que cohesionen o actual equipo e faciliten a incorporación de novos membros, e que tamén promocionen este servizo nas diferentes etapas educativas.
- Poñer en funcionamento a Aula de Convivencia Inclusiva.
- Dinamizar a Xunta de Delegadas/os, para convertela nun órgano de participación real do alumnado na organización do centro.
- Recoller non Plan de Acción Titorial dinámicas que axuden mellorar as habilidades sociais, o coñecemento mutuo e as relacións dentro da aula.
- Continuar coas accións desenvoltas até o de agora: "Campaña de Prevención do Acoso Escolar", "Aulas Limpas" e "Vixiantes de Limpeza".
- Desenvolver o programa "Recreos Activos" con actividades lúdicas que favorezan a participación activa e a integración do alumnado nos tempos de recreo en EP e ESO .
- Establecer e manter unha relación de colaboración coas familias fomentando a súa participación no proceso educativo dos seus fillos no centro, mediante actividades como reunións periódicas, charlas, visitas ao centro e/ou aula para compartir experiencias, etc.
- Aumentar a participación de todos os sectores da comunidade educativa de Cuntis (EEI de Arcos, Biblioteca Municipal, Fundación Terra Termarum, etc.) mediante actividades que fomenten as habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos.

## 4. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

### a) Normas de convivencia no centro.

As normas de convivencia do centro deben propiciar o clima de responsabilidade, de traballo e de esforzo que permita, por unha banda, que todos/as os/as alumnos/as obteñan os mellores resultados no proceso educativo e por outra banda

alcanzar un marco de convivencia e autorresponsabilidade que faga practicamente innecesaria a adopción de medidas disciplinarias.

- Asistencia e puntualidade.

  ✔ É obrigatorio asistir a clase e facelo con puntualidade.

  O/A alumno/a que chegue con retraso a clase poderá entrar na aula sempre que a demora sexa por unha causa xustificada e o/a profesor/a llo permita, en caso contrario o/a alumno/a irá á aula de traballo ou a onde lle indique o/a Xefe/a de estudos. Se un/ha alumno/a chega 3 veces impuntual sen xustificación será considerado unha Falta de asistencia.

  O profesorado será puntual ao inicio das clases e non deixará saír ao alumnado antes de que toque o timbre.

- Entrada

  ✔ O alumnado transportado e o non transportado deberá entrar no patio a partir das 8.30 horas da mañá, tempo no que comeza a garda do profesorado.

  ✔ O alumnado de Educación Infantil entrará pola parte de Educación Infantil e o de Educación Primaria e o da ESO pola porta do patio.

  ✔ O alumnado de Educación infantil e Educación Primaria que chegue tarde, entrará pola porta principal e asinará o xustificante da demora que se habilitará para tal efecto.

  ✔ O alumnado subirá ás aulas cando toque o timbre ás 8.45 h. e ás 15.30h .

  A porta da rúa estará pechada permanentemente, abriraa o conserxe cando chame alguén.

  Non se permitirá a presenza de persoas alleas ao Centro no recinto ou nas dependencias do mesmo, agás cando acudan a el para realizar trámites administrativos, estean citadas cun membro do profesorado ou teñan a

autorización da Dirección.

- No centro e nas aulas.
  - ✔ O/A alumno/A debe permanecer na aula nos intercambios de clase .
  - ✔ O/A alumno/A debe traer a clase o material preciso.
  - ✔ O/A alumno/A debe respectar o dereito ao estudo dos compañeiros/as.
  - ✔ O/A alumno/A debe seguir as orientacións do profesorado respecto da aprendizaxe.
  - ✔ O/A alumno/A debe amosar respecto e consideración con todos os membros da comunidade educativa, e con aquelas persoas que, eventualmente, desenvolvan algunha actividade dentro do recinto escolar.
  - ✔ O/A alumno/A debe coidar e utilizar axeitadamente o mobiliario e instalacións do Centro, así como as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
  - ✔ Os membros da Comunidade Educativa deberán contribuír ao aforro no Centro e manterán posturas ecolóxicas no uso de recursos e materiais.
  - ✔ Os membros da Comunidade Educativa deberán coidar que o recinto do Centro e as súas dependencias estean limpos e evitará toda acción que poida ser contraria á hixiene e á estética.
  - ✔ Está prohibido introducir no centro tabaco, alcohol e calquera outra droga, así como presentarse no centro baixo o seu efecto.
  - ✔ Está prohibido o uso en todo o centro de teléfonos móbiles, alarmas, aparellos musicais, ou outro tipo de aparellos electrónicos que non estean directamente vinculados cunha actividade docente, ou coa comunicación urxente coas familias por parte do profesorado, desde que entren no recinto escolar até que saian. (Decreto 8/2015, art.19)
  - ✔ O/A profesor/a corrixirá os comportamentos non axeitados nos corredores: emprego de certas expresións orais, tirar obxectos ao chan...
  - ✔ Non se pode saír aos corredores agás cando se deba ir a outra aula, ao recreo ou baixo a indicación e supervisión dun/unha profesor/a.
  - ✔ O alumnado non poderá acceder sen a compaña dun/unha profesor/a ás aulas de Informática, Música, Laboratorio, Plástica e Tecnoloxía, Ximnasio e Pavillón.

Agardará no corredor e, de non acudir un/ha profesor/a 5 minutos despois da hora de comezo da clase, un representante do alumnado avisará ao profesor/a de garda.

- ✔ Cando por razóns xustificadas un/ha alumno/a deba ausentarse momentaneamente da aula, deberá contar coa autorización do/a profesor/a entrante. No caso de non contar con tal autorización o profesorado deberá contabilizalo coma unha falta de puntualidade.
- ✔ O/a alumno/a non pode abandonar a aula durante a realización dunha proba de avaliación, aínda que rematen antes da finalización da hora lectiva.
- ✔ O/a alumno/a non pode manter actitudes que perturben o normal desenvolvemento das actividades académicas do centro. Nese caso o/a profesor/a poralle unha Falta de Orde e enviarao con tarefas á Xefatura de Estudos que o remitirá, unha vez avaliada a Falta de Orde, á Aula de Convivencia Inclusiva, onde será custodiado polo profesorado de garda, coa orde que se establece neste NOF, ou, de non existir, polo/a orientador/a.
- ✔ O/a alumno/a estará obrigado a reparar os danos que cause ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación, así como a restituír o substraído ou indemnizar o seu valor sexan os danos feitos de forma intencionada ou por neglixencia nas instalacións e materiais do centro, incluídos equipos informáticos e software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa. As familias serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
- ✔ Será obrigado manter apagados os teléfonos móbiles. En caso de tocar ou estar facendo uso do móbil durante as clases ou no interior do recinto do centro será requisado polo/a profesor/a e entregado en dirección quedando a disposición da nai, pai ou titor/a legal, (agás que o/a alumno/a fose maior de idade) unha vez rematada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.
- ✔ O alumnado non poderá utilizar os ordenadores para xogar ou para conexións a internet non relacionadas coa clase.
- ✔ O alumnado deberá usar con coidado os ordenadores de ABALAR, que deberán quedar recollidos no armario (pechado) e co canón apagado a última

hora da mañá e da tarde. O profesorado revisará que todo isto se faga adecuadamente. No caso contrario o/a profesor/a amoestarao.

- Recreos.
  - ✔ Débense pechar as portas das aulas e apagar a luz antes de baixar ao recreo. Igualmente nos baños (tanto alumnado como profesorado).
  - ✔ Durante o recreo o alumnado ten que estar no patio, na biblioteca ou na cafetaría.
  - ✔ O profesorado non permitirá baixar o alumnado ao recreo (ou ás horas de saída) antes de que toque o timbre.
  - ✔ Está prohibido xogar ás cartas na cafetería.
  - ✔ Para entrar na biblioteca debe estar presente un/ha profesor/a.
  - ✔ Pódese utilizar a biblioteca para actividades de consulta, préstamo, actividades de estudo...
  - ✔ Os ordenadores situados na biblioteca deben ser utilizados para facer traballos ou buscar información e non para xogar. (Plan de mellora).
  - ✔ O profesorado comprobará que non quede ningún/ha alumno/a nos baños ou corredores.
  - ✔ Ningún/ha alumno/a poderá subir ás aulas nin permanecer nos corredores. O alumnado non poderá estar na sala de profesorado.
- Saída.
  - ✔ Os membros da Comunidade Educativa procurarán que o mobiliario e instrumental empregado quede ordenado ao remate de cada xornada.
  - ✔ O alumnado permanecerá no centro ata que toque o timbre.
  - ✔ O alumnado de Educación Infantil sairá (10 minutos antes de tocar o timbre) polo patio de Infantil, o de Educación Primaria sairá pola porta principal e o da ESO pola porta do patio.
  - ✔ O alumnado non pode abandonar o recinto escolar sen permiso.
  - ✔ As familias teñen o deber de recoller no centro o/a alumno/a e asinar un xustificante de saída para ir ao médico ou cando por razóns de forza maior, deba saír antes do remate da xornada. O conserxe entregaralles os

xustificantes de saída do colexio aos familiares maiores de idade para asinalos.

- Secretaría
  - ✔ O rexistro do centro estará na secretaría para usos oficiais (tramitacións coa Consellería, Xefaturas Territoriais, Concello e outras institucións) e outros comunicados establecidos pola Inspección Educativa.

**b) Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.**

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas realizadas polo alumnado:

- Dentro do recinto escolar.
- Durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares.
- Durante o transporte escolar fóra do recinto escolar pero motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos/ás seus/súas compañeiros/as ou a membros da comunidade educativa especialmente as actuacións que constitúan acoso escolar.
- En EP teremos unha Falta de Orde de cor amarela.
- Na ESO teremos unha Falta de Orde de cor vermella. O/a profesor/a que pon a Falta de Orde ten que informar ao/á titor/a e a Xefatura de Estudos e comunicarllo ás familias (por Tokapp ou mediante chamada telefónica)
- Por cada 4 Faltas de Orde por trimestre será unha falta grave que pode dar lugar á expulsión ou outro tipo de sanción similar.
- En 4º da ESO o/a alumno/a que teña 4 Faltas e Orde, ou aínda tendo menos se é expulsado temporalmente do centro, non poderá asistir á Excursión de fin de etapa.

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en:

**Condutas leves contrarias á convivencia**

**Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:** cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta deberá comunicarllo á dirección do centro para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal.

| CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA |
|---|---|
| As AGRESIÓNS F OU Ps, INXURIAS ou OFENSAS contra os demáis membros da comunidade educativa.*** | As AGRESIÓNS F OU Ps, INXURIAS, OFENSAS, **AMEAZAS e COACCIÓNS** contra os demáis membros da comunidade educativa. |
| Os ACTOS DE DISCRIMINACIÓN contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. | Os **ACTOS DE DISCRIMINACIÓN GRAVE** contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. |
| Os actos individuais ou colectivos de DESAFÍO A AUTORIDADE do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina. | Os actos **individuais ou colectivos** de **DESAFÍO A AUTORIDADE** do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave. |
| | **A GRAVACIÓN**, a **MANIPULACIÓN** e a **DIFUSIÓN** por calquera medio de **IMAXES** ou **INFORMACIÓNS** que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. |
| | As actuacións que constitúan **ACOSO ESCOLAR** consonte o establecido polo artigo 28 desta lei. |
| | A **SUPLANTACIÓN** de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos. |
| Os DANOS causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. | Os **DANOS GRAVES** causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. |
| Os ACTOS INXUSTIFICADOS QUE PERTURBEN o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.*** | Os **ACTOS INXUSTIFICADOS QUE PERTURBEN GRAVEMENTE** o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. |
| As ACTUACIÓNS PREXUDICIAIS PARA A SAÚDE E A INTEGRIDADE persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas. | As **ACTUACIÓNS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A SAÚDE E A INTEGRIDADE** persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas. |
| PORTAR calquera OBXECTO, SUBSTANCIA OU PRODUTO **expresamente prohibido polas normas do centro** perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial | Portar calquera **OBXECTO, SUBSTANCIA OU PRODUTO GRAVEMENTE PERIGOSO** para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado. |
| | A **REITERACIÓN** nun mesmo curso escolar, de **CONDUTAS LEVES** contrarias á convivencia. |
| | O **INCUMPRIMENTO DE SANCIÓNS** impostas. |

| | |
|---|---|
| A INASISTENCIA INXUSTIFICADA a clase e as FALTAS REITERADAS DE PUNTUALIDADE, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente. | |
| A reiterada asistencia ao centro SEN MATERIAL E EQUIPAMENTO preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases. | |
| As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente | |
| **As condutas L prescriben ao mes da súa comisión, contado desde o día que se levou a cabo.** | **As condutas GP prescriben aos 4 meses da súa comisión, contado desde o día que se levou a cabo.*** ** |

| MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA<br><br>E O PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN | MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA<br><br>E O PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN |
|---|---|
| **a) Amoestación privada ou por escrito.**<br>O **profesorado** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos.<br>O **titor/a** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos.<br>A **xefa de estudos** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. | . |
| **b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados**.<br>O **profesorado** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos<br>O **titor/a** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos | |
| **c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.**<br>O **profesorado** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos<br><br>O **titor/a** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos<br><br>A **xefa de estudos** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. | **a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.** |
| d) **Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.**<br><br>O **titor/a** do alumno/a, oído este e dando conta á Xefa de estudos<br><br>A **xefa de estudos** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. | |

| | |
|---|---|
| | |
| e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de **ata dúas semanas.**<br>A **xefa de estudos** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. | b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de **ENTRE DÚAS SEMANAS E UN MES.** |
| f) Cambio de grupo por un período de **ata unha semana**.<br>A **xefa de estudos** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a. | c) **CAMBIO DE GRUPO** |
| g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de **ata tres días lectivos.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.<br><br>O **director,** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor.<br><br>****A imposición desta medida correctora comunicarase á familia ou titor/a do alumno, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro, antes de que se faga efectiva.* | d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de **ENTRE CATRO DÍAS LECTIVOS E DÚAS SEMANAS.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. |
| h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de **ata tres días lectivos.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.<br><br>O **director,** oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor.<br><br>****A imposición desta medida correctora comunicarase á familia ou titor/a do alumno, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro, antes de que se faga efectiva.* | e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de **ENTRE CATRO DÍAS LECTIVOS E UN MES**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. |
| | f) **CAMBIO DE CENTRO** |
| **As audiencias e comparecencias das familias do alumnado menor de idade, nos procedementos disciplinarios son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes .**<br><br>**As resolucións que impoñen as medidas correctoras poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executiva.**<br><br>**As SANCIÓNS DAS CONDUTAS L PRESCRIBEN AOS CATRO MESES DA SÚA IMPOSICIÓN.** | **As SANCIÓNS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PRESCRIBEN AO ANO DE FIRMEZA EN VÍA ADMINISTRATIVA DA RESOLUCIÓN QUE AS IMPÓN.** |

| | |
|---|---|
| | **Só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario** |

**c) Aula de convivencia inclusiva.**

O funcionamento da **Aula de Convivencia Inclusiva** concretarase cada curso escolar en función dos recursos humanos cos que se conten. Será a Xefatura de Estudos a encargada de coordinar o seu funcionamento.

- **ACI-R: aula de convivencia inclusiva de reflexión.**

  É un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, ocupando as "expulsións" á xefatura de estudos ou os "tempo fora" da aula. Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ao alumnado para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio, ofrecendo unha resposta tanto aos conflitos puntuais na aula como ao alumnado con problemas persistentes de conduta.

  Para levar a cabo medida débense ter realizado unha serie de actuacións previas: amoestacións verbais ou escritas ao alumno/a, comunicación por parte do profesor/a ás familias (comunicación telefónica, tokapp ou entrevista), ao titor e á xefatura de estudos (parte verde).

  Cando o profesor/a ten que facer uso da expulsión de aula, cobre o parte de cor amarela. O alumno/a baixa á ACI-R acompañado do delegado/subdelegado e alí atenderao o profesor /a de garda de convivencia. O alumno/a debe cubrir unha Folla de Reflexión acompañado polo profesor/a de garda de convivencia, e este, recollerá a actitude do alumno/a e a súa reflexión nun Parte de Valoración da Reflexión.

  Ao rematar acompáñao a xefatura de estudos (en caso de non estar dispoñible atenderao outro membro do equipo directivo) e entrega o parte que cubriu o profesor de garda coa reflexión do alumno/a. Un alumno/a pode ir como máximo 4 veces no trimestre.

  Xefatura de estudos decide a sanción: Aula de Traballo, quedar sen recreo, patrulla de limpeza, suspensión do dereito de asistencia, outras medidas...

  Co fin de facilitar unha atención inmediata aos incidentes de convivencia faise preciso incrementar o horario de atención desta aula de reflexión.

Convén darlle prioridade a que as horas de garda da coordinadora da comisión de convivencia, da orientadora e dos titores sexan para a atención desta aula, xa que na reunión semanal de titores pódese facer un seguimento real do seu funcionamento e da evolución do alumnado.

A aula de reflexión estará situada no espazo de Mediación Escolar.

- **Aula de Convivencia como aula de traballo (AT).**

Trata de dar solución ó alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula no lugar de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.

O funcionamento desta aula de traballo podería quedar cuberto co profesorado de garda.

Só o xefe de estudos pode enviar alumnos a esta aula porque é unha sanción.

Para que o profesorado de garda poida saber que alumnado terá a cargo poderá haber un panel na sala do profesorado que indique que alumnos en que horas.

É obrigado que o profesor/a da aula lle faga chegar a través do delegado/subdelegado a tarefa a facer . Tamén será ese profesor/a o encargado de corrixila.

Durante o período de expulsión é preciso preparar a reincorporación do alumno no grupo clase e traballar nas condicións que reforzan a súa conduta.

Cando se solicite a activación do Programa de Habilidades Sociais para alumnado que incorre reiteradamente en condutas disruptivas ou para alumnado sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro poderá empregarse o horario da aula de traballo para asignarlle Plan de traballo individualizado así como o horario de garda de convivencia do seu titor/a e da orientadora para a posta en práctica e seguimento.

Seguirase un modelo flexible para establecer as medidas correctoras, adaptado ás características persoais e socio-familiares do alumnado, así como ao historial previo de solucións intentadas.




## d) Protocolos e programas específicos.

- Plan de acollida do alumnado novo. Anexo I.
- Plan de prevención e control do Absentismo Escolar. Anexo II.
- Plan de prevención e Protocolo de actuación do Acoso Escolar. Anexo III.
- O Programa de Habilidades e Competencias Sociais está recollido no Plan de Acción Titorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

# 5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER.

a) Levar a cabo as actuacións do Plan de acollida co fin de garantir un mellor

coñecemento do alumnado para adecuar a proposta curricular, facilitar a coordinación de accións froito do consenso por parte dos equipos docentes, buscando tamén a implicación das familias e facilitar o coñecemento das normas de convivencia.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Todo o profesorado | Alumnado EI, EP, ESO | Plan de acollida |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| **Plan de acollida:**<br>- Desenvolver en setembro as reunións de coordinación interetapas<br>(6º infantil - 1º primaria)<br>(6º primaria - 1ºESO)<br>- Convocar ás familias de cada grupo-clase a unha reunión xeral en setembro.<br>- Desenvolver ata o 15 de outubro a avaliación inicial en todos os grupos-clase.<br>- Desenvolver ao longo do trimestre as actuacións recollidas no Plan de acollida (Anexo I). | **Plan de acollida:**<br>No caso de incorporarse algún alumno/a durante o trimestre, levar a cabo as actuacións recollidas no Plan de acollida. | **Plan de acollida:**<br>No caso de incorporarse algún alumno/a durante o trimestre, levar a cabo as actuacións recollidas no Plan de acollida. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Os equipos docentes interetapas reuníronse antes do inicio do curso.<br>2. Celebrouse en cada grupo-clase unha reunión xeral coas familias antes da avaliación inicial.<br>3. O equipo docente de cada grupo-clase reuniuse antes de rematar outubro.<br>4. En todos os grupos-clase se desenvolveu, polo menos, unha dinámica. |

b) Organizar os grupos de maneira heteroxénea e equilibrada en canto a xénero, rendemento e condutas.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Xefatura de Estudos | Alumnado EI, EP, ESO | Reunión de coordinación co equipo docente ao inicio do curso. |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Reunións de coordinación interetapas.<br>Reunións de coordinación do equipo docente. | | |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Os equipos docentes reuíronse antes do inicio do curso. |

c) Consolidar a **metodoloxía da aprendizaxe cooperativa e o traballo por proxectos** para contribuír ao desenvolvemento da Competencia social e cívica e á mellora da convivencia.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Comisión de AC<br>Todo o profesorado | Alumnado EI, EP, ESO | Proxecto de Aprendizaxe Cooperativa |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| **Metodoloxía aprendizaxe cooperativa:**<br>- Poñer en práctica en cada grupo-clase as Dinámicas de Cohesión planificadas.<br>- Desenvolver polo menos un plan de equipo en cada grupo-clase. | **Metodoloxía aprendizaxe cooperativa:**<br>- Poñer en práctica en cada grupo-clase as Dinámicas de Cohesión planificadas.<br>- Desenvolver polo menos un plan de equipo en cada grupo-clase. | **Metodoloxía aprendizaxe cooperativa:**<br>- Poñer en práctica en cada grupo-clase as Dinámicas de Cohesión planificadas.<br>- Desenvolver polo menos un plan de equipo en cada grupo-clase. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Todo o alumnado practica, como mínimo, dúas estruturas cooperativas ao mes. Desenvólvese, como mínimo, unha dinámica de cohesión en cada grupo-clase ao mes. |

d) Consolidar o tema transversal anual “Un planeta feliz, ecoloxía e desenvolvemento sustentable” como eixo vertebrador dos proxectos e actividades extraescolares e complementarias que se desenvolvan ao longo do curso.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia<br>DACE<br>Todo o profesorado | Alumnado EI, EP, ESO<br>Familias | Programacións didácticas<br>Programación DACE |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| **Temas transversais e conmemoracións:**<br>- Recoller as propostas de cada nivel para o tratamento do tema transversal.<br>- Solicitar os programas do Plan Proxecta directamente relacionados co tema transversal<br>- Participar no deseño, a través da CCP, das conmemoracións establecidas no calendario escolar. | **Temas transversais e conmemoracións:**<br>- Participar no deseño, a través da CCP, das conmemoracións establecidas no calendario escolar. | **Temas transversais e conmemoracións:**<br>- Participar no deseño, a través da CCP, das conmemoracións establecidas no calendario escolar. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Cada nivel e departamento aporta á CCP propostas para deseñar as actividades relacionadas co tema transversal. |

e) Sensibilizar á comunidade educativa sobre a necesidade das **Normas de Organización e Funcionamento**, difundilas e implicalos na súa revisión.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia<br>Titores<br>Todo o profesorado | Alumnado EI, EP, ESO<br>Profesorado<br>Familias<br>PAS | Plan acción titorial<br>Claustro/CC |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| **Normas: NOF**<br>- Acordar as normas de aula e a elección de delegado segundo o Plan de Acción Titorial.<br>- Dinamizar o funcionamento da Xunta de Delegados, a | **Normas: NOF**<br>- Revisar o funcionamento de cada grupo-clase ao longo do trimestre (progreso da aprendizaxe do alumnado e práctica docente) e acordar propostas de mellora. | **Normas: NOF**<br>- Revisar o funcionamento de cada grupo-clase ao longo do trimestre (progreso da aprendizaxe do alumnado e práctica docente) e acordar propostas de mellora. |

| | | |
|---|---|---|
| partir de 5º de primaria.<br>- Participar todos os grupos-clase nos Concursos Aulas limpas, Limpeza do Patio e Separemos ben.<br>- Difundir o Plan de Convivencia, incluíndo o NOF, Protocolo de prevención de acoso escolar (Anexo III)., Protocolo para a prevención do absentismo(Anexo II).) | - Comunicar ás propostas de mellora a través da Xunta de Delegados.<br>- Participar todos os grupos-clase nos Concursos Aulas limpas, Limpeza do Patio e Separemos ben. | - Comunicar ás propostas de mellora a través da Xunta de Delegados<br>- Participar todos os grupos-clase nos Concursos Aulas limpas, Limpeza do Patio e Separemos ben. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Todos os grupos elaboran as normas de aula.<br>2. A Xunta de Delegados participa no proceso de revisión.<br>3. Todos os grupos participan nos programas Aulas Limpas, Limpeza do patio e Separemos ben. |

f) Ter en conta as diferentes propostas recollidas nas programacións de cada nivel para desenvolver os **temas transversais** de "igualdade entre homes e mulleres" e "non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social", de cara a participar na planificación das conmemoracións do Día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro), Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro), Día da non violencia e da paz (30 de xaneiro) e Día internacional da muller (8 de marzo).

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia<br>DACE<br>Todo o profesorado | Alumnado EI, EP, ESO<br>Familias | Programacións didácticas<br>Programación DACE |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| **Temas transversais e conmemoracións:**<br>- Recoller as propostas de cada nivel para o tratamento dos temas transversais.<br>- Sensibilizar ao profesorado ao inicio de curso para a solicitude dos programas do | **Temas transversais e conmemoracións:**<br>- Manter a oferta do Servizo de Igualdade e da Técnica de Prevención do concello para traballar a igualdade entre homes e mulleres, a educación afectivo-sexual a través do Plan de Acción | **Temas transversais e conmemoracións:**<br>- Participar no deseño, a través da CCP, das conmemoracións establecidas no calendario escolar. |

| | | |
|---|---|---|
| Plan Proxecta Por 365 días de respecto e Quérote +<br>- Participar no deseño, a través da CCP, das conmemoracións establecidas no calendario escolar. | Titorial.<br>- Participar no deseño, a través da CCP, das conmemoracións establecidas no calendario escolar. | |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Cada nivel e departamento aporta á CCP propostas para deseñar as conmemoracións. |

g) Programar e fomentar o intercambio de actividades entre o alumnado dos distintos niveis e etapas educativas do centro.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia<br>DACE<br>Todo o profesorado | Alumnado EI, EP, ESO | Programacións didácticas<br>Programación DACE |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| **Padriños e madriñas dos xogos do Magosto**<br>**Mes da Ciencia**<br>**Festival de Decembro** | **Entroido**<br>**Club da Ciencia** | **Contacontos**<br>**Teatro na Festa da Lingua** |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Cada trimestre desenvolveuse, polo menos, unha actividade interniveis e/ou interetapas. |

h) Consolidar o servizo de **mediación escolar** realizando actividades que cohesionen o actual equipo e faciliten a incorporación de novos membros, e que tamén promovan este servizo nas diferentes etapas educativas.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Dinamización de Convivencia | Alumnado ESO<br>Alumnado EP | Programa de formación externa<br>Plan de convivencia |

| | CURSO 2015-2016 | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **2º TRIMESTRE** | **3º TRIMESTRE** |
| | | **Mediación escolar:**<br>- Desenvolver na aula de 2ºESO un programa xeral de habilidades sociais. |

| | CURSO 2016-2017 | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **2º TRIMESTRE** | **3º TRIMESTRE** |
| **Mediación escolar:**<br>Planificar unha charla informativa para todo o profesorado.<br>- Planificar unha charla informativa para as familias<br>- Seleccionar ao alumnado de 2ºESO (e profesorado) que vai recibir a formación específica en mediación escolar.<br>- Acondicionamento dun espazo de reunión adicado á mediación escolar. | **Mediación escolar:**<br>Desenvolvemento do servizo de mediación na ESO.<br>- Desenvolver na aula de 5º EP un programa xeral de habilidades sociais.<br>- Seleccionar ao alumnado de 5º EP (e profesorado) que vai recibir a formación específica en mediación escolar. | **Mediación escolar:**<br>Desenvolvemento do servizo de mediación nen ESO e EP. |

| | CURSO 2017-2018 | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **2º TRIMESTRE** | **3º TRIMESTRE** |
| **Mediación escolar:**<br>- Planificación nos horarios da simultaneidade das sesións de titoría en todos os grupos de ESO.<br>- Realización dunha saída de convivencia na para os alumnos que forman parte do Servizo de Mediación no mes de outubro.<br>- Desenvolvemento do servizo de mediación nen ESO e EP. | **Mediación escolar:**<br>- Seleccionar Seleccionar ao alumnado de 2ºESO e 5º EP que vai recibir a formación específica en mediación escolar.<br>- Levar a cabo actividades de formación conxuntas entre os mediadores actuais e as novas incorporacións.<br>- Elaborar unhas camisetas identificativas.<br>- Desenvolvemento do servizo de mediación nen ESO e EP. | **Mediación escolar:**<br>- Levar a cabo actividades de formación conxuntas entre os mediadores actuais e as novas incorporacións.<br>- Desenvolvemento do servizo de mediación nen ESO e EP. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Desenvolveuse a formación do alumnado en habilidades sociais.<br>2. O profesorado recibiu a formación.<br>3. A familia recibiu a información.<br>4. O equipo de mediación está constituído.<br>5. O centro conta cun espazo para a mediación escolar.<br>6. Realízase a xornada de Convivencia do equipo de mediación.<br>7. Desenvólvese unha mediación por trimestre. |

i) Poñer en funcionamento a **Aula de Convivencia Inclusiva**.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia | Alumnado EP, ESO | CCP, Claustro e Consello Escolar. |

| **CURSO 2016-2017** | | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **2º TRIMESTRE** | **3º TRIMESTRE** |
| | | Presentación e aprobación da proposta do protocolo da Aula de Convivencia Inclusiva elaborada pola Comisión de Convivencia en CCP, Claustro e Consello Escolar. |

| **CURSO 2017-2018** | | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **2º TRIMESTRE** | **3º TRIMESTRE** |
| - Comunicación do protocolo da Aula de Convivencia Inclusiva en CCP, Claustro e Consello Escolar .<br>- Comunicación do protocolo da Aula de Convivencia Inclusiva ao alumnado nas titorías ao inicio do curso.<br>- Comunicación do protocolo da Aula de Convivencia Inclusiva ás familias nas reunións xerais de setembro. | | |

O protocolo de funcionamento da Aula de Convivencia Inclusiva está recollido no apartado

4. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Aprobouse o protocolo da Aula de Convivencia Inclusiva e comunicouse a todos os sectores da Comunidade Educativa.<br>2. Contouse con dispoñibilidade horaria para a posta en marcha da Aula de Convivencia Inclusiva.<br>3. O alumno acode á aula de Reflexión<br>4. O alumno/a acode á Aula de Traballo con material curricular. |

j) Dinamizar a **Xunta de Delegadas/os**, para convertela nun órgano de participación real do alumnado na organización do centro.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia | Alumnado EP, ESO | PAT<br>Programación DACE |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| - Participación da Xunta de Delegados/as na programación das actividades extraescolares de centro. | - Participación da Xunta de Delegados/as na programación das actividades extraescolares de centro. | - Participación da Xunta de Delegados/as na programación das actividades extraescolares de centro. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Desenvolveuse unha Xunta de Delegados/as por trimestre como mínimo. |

k) Recoller non Plan de Acción Titorial dinámicas que axuden mellorar as habilidades sociais, o coñecemento mutuo e as relacións dentro da aula.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Departamento de orientación | Alumnado EP, ESO | Plan acción titorial |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| - Elaboración do PAT.<br>- Desenvolvemento dunha dinámica de cohesión en cada grupo na sesión de titoría. | - Desenvolvemento dunha dinámica de cohesión en cada grupo na sesión de titoría. | - Desenvolvemento dunha dinámica de cohesión en cada grupo na sesión de titoría. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. As dinámicas foron incorporadas ao Plan de Acción Titorial.<br>2. Desenvolveuse unha dinámica por trimestre, como mínimo, na sesión de titoría en cada grupo. |

l) Desenvolver o programa “Recreos Activos” con actividades lúdicas e deportivas que favorezan a participación activa e a integración do alumnado nos tempos de recreo en EP e ESO .

Estas actividades poderán estar coordinadas polo profesorado de Educación Física, supervisadas polos profesores/as de garda e organizadas (facer calendarios, arbitrar, etc.) polo alumnado dos cursos superiores de secundaria. Para que estas actividades acaden o obxectivo de mellorar a convivencia no centro e favorecer a inclusión do alumnado con máis dificultades, seleccionaranse actividades que non teñan grandes requisitos físicos nin técnicos, os regulamentos dos torneos incluirán premisas que favorezan a coeducación e a inclusión.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Comisión de Convivencia<br>DACE<br>Departamento de EF<br>Todo o profesorado | Alumnado EP, ESO | Programacións didácticas<br>Programación DACE |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| - Recollida das propostas do alumnado a través da Xunta de Delegados/as<br>- Elaboración e desenvolvemento do programa trimestral de actividades. | - Recollida das propostas do alumnado a través da Xunta de Delegados/as<br>- Elaboración e desenvolvemento do programa trimestral de actividades. | - Recollida das propostas do alumnado a través da Xunta de Delegados/as<br>- Elaboración e desenvolvemento do programa trimestral de actividades. |

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. Nos recreos desenvolvéronse actividades de dinamización, polo menos, unha vez por semana. |

m) Desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais para o alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras de condutas contrarias ás normas de convivencia.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Departamento de orientación | Alumnado EP, ESO | Plan acción titorial |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| | | |

O programa está recollido no Plan de Acción Titorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. A dirección do centro propón esta medida, como complemento doutras medidas correctoras.<br>2. A Aula de Convivencia Inclusiva permite levar a cabo esta medida. |

n) Desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais para o alumnado que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

| Responsables | Destinatarios | Procedemento |
|---|---|---|
| Equipo directivo<br>Departamento de orientación<br>Titores<br>Familias<br>Servizos sociais | Alumnado EP, ESO | Plan acción titorial |

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| | | |

O programa está recollido no Plan de Acción Titorial e no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

| Indicadores de logro |
|---|
| 1. A dirección do centro propón esta medida, como complemento doutras medidas correctoras.<br>2. A Aula de Convivencia Inclusiva permite levar a cabo esta medida. |

## 6. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A Comisión de Convivencia do noso centro está composta por:

- Miguel Louzao Outeiro. Presidente da comisión e director do centro.
    - Hortensia Fernández Torre. Secretaria da comisión e coordinadora da Dinamización de Convivencia, profesora de Plástica.
    - Mª Isabel Rodríguez Rodríguez. Membro da Dinamización de Convivencia e mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica.

      Nuria Míguez Mon. Membro da Dinamización de Convivencia e orientadora.
    - Marcela Infanzón Rivera. Representante dos/as pais/nais.
    - María Escariz Eiriz. Representante do alumando.

A Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

## 7. COORDINACCIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

A Comisión de Convivencia, xunto co equipo directivo, será o órgano encargado de coordinar as actuacións recollidas no Plan de Convivencia. As docentes que forman parte

da comisión  contarán cunha sesión no seu horario lectivo para a programación e coordinación das actuacións propostas.

O desenvolvemento do plan levarase a cabo coa colaboración de todos os sectores da comunidade educativa a través dos diferentes órganos de xestión e coordinación do centro (Claustro, Consello Escolar, CCP, Xunta de Delegados/as, Titores/as)

## 8. SEGUEMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.

A continuación establécense as medidas de seguimento e avaliación periódica para poder comprobar a funcionamento e si é necesario, adaptar ou realizar melloras de dito plan.

En xeral a avaliación será continua e trimestral, partindo da análise inicial e seguindo o proceso mediante as reunións semanais de coordinación e rematando coa redacción da memoria final do plan de convivencia, na que se valorarán os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Grao de implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- Nivel de aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.
- Calidade e funcionamento das actuacións e materiais  elaborados.
- Mellora dos resultados académicos.

Especial atención se prestará á iniciación do proceso de mediación valorando aspectos como:

- Número de alumnado e profesorado que solicita entrar no equipo de mediación.
- Cursos e grupos que soliciten mediación.
- Sectores da comunidade educativa que derivan casos de mediación.
- Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.
- Grao de satisfacción do alumnado e profesorado que termina o curso.
- Número de mediacións resoltas satisfactoriamente.
- Cumprimento dos acordos.

Estas valoracións levaranse a cabo mediante a utilización de ferramentas como: cuestionarios, enquisas, observación directa, follas de rexistros, comentarios recollidos nas actas e memorias de CCPs, claustros, consellos escolares, equipos educativos e

memoria final de mediación.

A memoria anual que realice a Comisión de Convivencia reflectirá datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación así como as propostas de mellora que se consideren necesarias. Este documento será aprobado polo Consello Escolar e formará parte da memoria anual do centro.

## 9. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Ao inicio do curso concretaranse as actuacións que se levarán a cabo para a difusión do Plan de Convivencia entre o alumnado, o profesorado e as familias.

O documento debe estar exposto na web do centro, no apartado de Documentos do Centro. Tamén estará dispoñible na Secretaria do centro para a súa consulta.